



PROCESO DE ADMISIÓN DE ALUMNAS/OS
NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL (CURSO 2024/2025)

RENOVACIÓN DE PRAZA DE NENAS/OS ESCOLARIZADAS/OS NO CURSO 2023-2024

- **Do 15 ó 31 de marzo:** presentación das solicitudes no departamento de servizos sociais ou na sede electrónica do Concello.
É necesario presentar a documentación xustificativa dos ingresos económicos actualizados para aplicar as bonificacións que lle correspondan (documentación sinalada no anexo I, apartado 2) así como outros datos que poidan variar a situación sociofamiliar con respecto ó curso anterior.
- **Última semana de maio:** reunións co persoal da EIM e firma do contrato matrícula de prestación de servizos.
- **Do 1 ó 15 de xuño:** formalización da matrícula no departamento de servizos sociais do Concello.
É necesario presentar o modelo normalizado de aceptación de matrícula acompañado da seguinte documentación:
 - certificado médico
 - cartilla de vacinación
 - contrato matrícula de prestación de servizos asinado

ADMISIÓN DE NOVAS/OS ALUMNAS/OS

- **Do 15 de marzo ó 15 de abril:** presentación das solicitudes no departamento de servizos sociais ou na sede electrónica do Concello.
A documentación a presentar é a sinalada no anexo I.
- **10 de maio:** exposición da relación provisional de admitidas/os e a lista de agarda no taboleiro de anuncios do Concello.
Reclamacións: as/os solicitantes poderán efectúa-las reclamacións que estimen oportunas no departamento de servizos sociais **no prazo de 10 días contados a partir do día seguinte da publicación.**
- **24 de maio:** exposición da relación definitiva de admitidas/os e a lista de agarda no taboleiro de anuncios do Concello.
- **Última semana de maio:** reunións co persoal da EIM e firma do contrato de matrícula de prestación de servizos.
- **Do 1 ó 15 de xuño:** formalización da matrícula no departamento de servizos sociais do Concello.
É necesario presentar o modelo normalizado de aceptación de matrícula acompañado da seguinte documentación:
 - tarxeta sanitaria
 - certificado médico
 - cartilla de vacinación
 - certificado de titularidade bancaria
 - contrato matrícula de prestación de servizos asinado

Máis información no dpto. de servizos sociais (educadora familiar) ou na páxina web do Concello.